



**XUNTA
DE GALICIA**

COLEXIO EDUCACIÓN
INFANTIL E PRIMARIA
DAS FONTIÑAS

Rúa de Roma, 21
15707 Santiago de Compostela
E.P.: 881 86 73 90 -- E.I.: 881 86 73 94
E-mail: ceip.fontinhas@edu.xunta.gal
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfontinhas>

PLAN DE CONVIVENCIA E BENESTAR EMOCIONAL

CEIP DAS FONTIÑAS

APROBADO EN CLAUSTRO, CON DATA 22 /10/2024 E Nº DE ACTA 185
E CONSELLO ESCOLAR, CON DATA 29/10/2024 E Nº DE ACTA 199

ÍNDICE

1. FUNDAMENTACIÓN LEGAL	3
2. O PLAN DE CONVIVENCIA	3
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL	4
3.1. RESPOSTAS DO ALUMNADO	4
3.2. RESPOSTAS DO PROFESORADO	4
3.3. RESPOSTAS DAS FAMILIAS	5
4. OBXETIVOS XERAIS	5
5. OBXETIVOS ESPECIFICOS	6
5.1. OBXETIVOS PARA O PROFESORADO	6
5.1.1. OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO, RESPECTO AO ALUMNADO	7
5.2. OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO	7
5.3. OBXECTIVOS PARA AS FAMILIAS	8
5.4. OBXECTIVOS PERSOAL NON DOCENTE	8
6. ACTUACIÓN E MEDIDAS A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA	9
7. PROTOCOLOS	10
7.1. PROTOCOLO ANTE SITUACIÓNS ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO	10
7.2. PLAN DE ACOLLIDA PARA O ALUMNADO, O PROFESORADO E O PERSOAL NON DOCENTE DE NOVA INCORPORACIÓN	11
8. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA	12
9. COMISIÓN DE CONVIVENCIA	15
10. CANLES DE COORDINACIÓN ENTRE OS DISTINTOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA	24
11. DIFUSIÓN DO PLAN	25
12. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA	26
13. PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL	27
14. ANEXOS.....	31

1. FUNDAMENTACIÓN LEGAL

O presente Plan de convivencia enmárcase no establecido no Decreto 8/2015 DO 8 DE Xaneiro que desenvolve a Lei 4/ 2011 do 30 de xuño de convivencia e participación na comunidade educativa en materia de convivencia escolar. Recollendo ademais o establecido nas Normas de organización, funcionamento e convivencia do centro (NOFC) e forma parte do proxecto educativo.

2. O PLAN DE CONVIVENCIA

O Plan de Convivencia é o documento no que se establece o exercicio e o respecto dos dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa, sendo a base esencial de unha convivencia entre iguais, que respecte a diferenza de xéneros e a interculturalidade, así como as relacións entre profesorado, alumnado, familias e personal non docente.

O Plan de Convivencia ten que recoller que a educación ten que ir máis alá da mera adquisición duns coñecementos, hábitos e técnicas dos distintos campos do saber. Polo tanto, ten que extenderse e proporcionar as persoas a capacidade de asumir o seus deberes e exercer os seus dereitos dentro dos principios democráticos da convivencia, basados no respecto e na liberdade dos demais.

A finalidade das normas de convivencia é a de manter un clima escolar adecuado nos centros docentes mediante o desenvolvemento dos procesos educativos que faciliten a educación do alumnado nos valores do respecto aos dereitos humanos e que propicien o exercicio dunha cultura cidadá democrática.

Por todo iso no noso Plan de Convivencia inclúense procedementos que tenden á prevención e resolución pacífica dos conflitos, a lograr a conciliación e a reparación, así como as directrices para asumir compromisos educativos para a convivencia. Polo tanto, aínda que se trata dun elemento de xestión da convivencia, por encima de todo constitúese como un elemento para a mellora do noso centro.

Ao mesmo tempo, facilitaranos, á comunidade educativa instrumentos e recursos en relación á promoción da cultura da paz, a prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro, obxectivos prioritarios e principios ideolóxicos recollidos no noso Plan Educativo de Centro.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN

Neste curso realizáronse unha serie de enquisas os diferentes membros da comunidade educativa que reflicten os seguintes resultados:

3.1 RESPOSTAS DO ALUMNADO

- En xeral o alumnado móstrase a gusto no cole e manifesta ter boas relacións cos seus compañeiros.
- Maioritariamente as respostas son favorables en canto a convivencia no centro tanto cos compañeiros como co profesorado.
- Son minoritarios os alumnos que manifestan padecer conductas negativas no centro.
- As principais queixas teñen que ver cos recreos onde se producen sobre todo agresións verbais e insultos, poñer alcumes, e onde as formas de xogo en ocasións son agresivas causando conflito entre eles.
- Queixanse de que as normas non están claras no recreo, a que xogar, onde.
- Demándase mais xogos nos recreos e mais diversidade de xogo no pabellón.

3.2 RESPOSTAS DO PROFESORADO

- Hai unha sensación moi maioritaria de que a convivencia no centro é boa, tanto entre o claustro como cas familias e co alumnado.
- Amosase unha alta coincidencia ao valorar a importancia que teñen na convivencia escolar aspectos como: abordar a convivencia dende a prevención, desenvolver entre toda a comunidade programas para adquirir habilidades e competencias sociais, formar ao profesorado na xestión da convivencia e traballar as normas de convivencia e os dereitos e deberes na acción tutorial.
- Teñen a sensación de que as instalacións están coidadas, e que se respetan.
- Os problemas de disciplina do alumnado resólvense según os pasos establecidos no protocolo.
- Os maiores problemas de convivencia acontecen nos tempos de lecer como o recreo.
- Considerase axeitado favorecer a convivencia como obxectivo prioritario do Proxecto

educativo,realizar talleres co alumnado de sensibilización,e detectar e levar a cabo un tratamento específico dos casos especiais en problemas de convivencia.

- A formacion do profesorado en convivencia escolar e boa, solicítanse maioritariamente cursos prácticos para continuar a formación.

3.3 RESPONSTAS DAS FAMILIAS

- A relación das familias co equipo directivo, co claustro califícase de boa e no caso dos titores de moi boa.
- Os principais problemas de convivencia os que se fan referencia son agresións verbais e físicas, faltas de respecto os compañeiros e vocabulario grotesco, non cumprir as normas establecidas, alumnado que non está integrado no grupo e falta de motivación por parte do alumnado.
- Demándase mais vixianza no recreo e unha maior formación para que o alumnado ,para evitar malos comportamentos e que non permitan as agresións verbais e físicas a outros nin a eles mesmos.
- Pídese un centro mais aberto as familias e as suas propostas.

4. OBXECTIVOS XERAIS

- Mellorar a convivencia no centro como resultado da análise da mesma, da reflexión e buscando o acordo.
- Facilitar á comunidade educativa instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- Fomentar no noso centro educativo os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade, no fomento da igualdade entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.

- Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente as competencias social e cidadá e da autonomía e iniciativa persoal.
- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e liberdades fundamentais.
- Procurar a mellora do clima escolar mediante cambios físicos, materiais e organizativos do centro que faciliten a convivencia e a consecución dos obxectivos educativos marcados
- Sensibilizar a todos os sectores da comunidade escolar da necesidade de formarse en habilidades sociais como medio de contribuír á resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos.
- Facilitar a formación do profesorado para a xestión das emocións na aula e na resolución pacífica de conflitos
- Divulgar entre a comunidade educativa os documentos do centro relativos á convivencia.

5. OBXECTIVOS ESPECIFICOS

5.1 OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO

- Dotar ao alumnado de estratexias para a prevención e resolución de conflitos.
- Educar en valores de paz, respecto e tolerancia coa diversidade social e cultural.
- Crear na aula un clima de convivencia pacífico e tranquilo, fomentando o diálogo e o respecto mutuo.
- Previr situacións de conflito, presión, marxinación ou violencia dentro do recinto escolar.
- Inculcar aos alumnos e familias que o desenvolvemento dos dereitos propios acompáñase do cumprimento dos deberes cara aos demais.
- Manter unha liña común na prevención, tratamento e resolución de conflitos.
- Coñecer o protocolo a seguir e as posibilidades de actuación ante un conflito: convivencia, violencia, acoso...
- Adquirir e implementar por parte do profesorado formación en materia de convivencia.

5.1.1 OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO, RESPECTO AO ALUMNADO

- Desenvolver actividades encamiñadas a conseguir a mellora das habilidades sociais e do fomento do diálogo e a comunicación, así como a adquisición de responsabilidades por parte do alumnado.
- Facilitar espazos e tempos para que o alumnado falen con liberdade de normas e conflitos (sen que sexa preciso para elo concretar tipo de conflito- alumno implicado).
- Reflexionar abertamente na aula sobre os conflitos que xorden.
- Amoestar de xeito privado e individual, empregando a empatía e comprensión ante as explicacións ofrecidas, e manifestando a queixa de xeito asertivo (diferenciarase conduta de persoa: valórase a persoa e recrimínase a conduta)
- Focalizar a atención sobre as condutas positivas en lugar das negativas, sempre que haxa condutas susceptibles de ser reforzadas positivamente.

5.2 OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO

- Desenvolver actitudes de respecto, colaboración e solidariedade ante os demais.
- Desenvolver habilidades sociais que lles permitan comprender diferentes puntos de vista e convivir en sociedade, desenvolvendo habilidades de comunicación, tratamento e actuación ante os conflitos xurdidos no interior do recinto escolar e na contorna do mesmo.
- Coñecer os dereitos e deberes dos alumnos.
- Coñecer a calificación das condutas que perturban a convivencia, e os tipos de medidas de corrección.
- Participar no regulamento das normas de convivencia do centro e a aula e asumir as consecuencias derivadas do seu incumprimento.
- Aceptar as diferenzas e valoralas como algo positivo e enriquecedor, evitando calquera tipo de discriminación.
- Utilizar o diálogo e o consenso como primeira estratexia de resolución de conflitos.
- Manifestar unha actitude de responsabilidade e respecto no uso e coidado do seu entorno: material e instalacións.
- Facer un uso positivo da linguaxe, libre de violencia e prexuízos.

5.3 OBXECTIVOS PARA AS FAMILIAS

- Coñecer os seus dereitos e deberes e os dos seus fillos, como membros da comunidade educativa.
- Puntualidade e respecto aos horarios de entrada e saída do centro escolar.
- Implicarse en estratexias para previr conflitos.
- Colaborar e informarse debidamente durante o proceso educativo dos seus fillos.
- Coñecer a calificación das condutas que perturban a convivencia e os tipos de medidas de corrección
- Asumir as medidas de corrección das posibles condutas perturbadoras da convivencia.
- Participar nas actividades encamianhadas a mellorar a convivencia no centro.
- Participar no desenvolvemento da convivencia no centro a través dos distintos organismos: Consello Escolar, ANPA, comisión de convivencia...
- Asesorarse sobre como actuar adecuadamente ante un conflito ou para poder previr os mesmos.

5.4 OBXECTIVOS PERSOAL NON DOCENTE

- Participar no desenvolvemento da convivencia no centro a través dos distintos organismos: Consello escolar e comisión de convivencia.
- Coñecer cales son as condutas que perturban a convivencia, e poñelas en coñecemento do equipo directivo.
- Implicarse e respectar as medidas de prevención propostas.
- Asumir as medidas de corrección das posibles condutas perturbadoras da convivencia.
- Formarse en materia de resolución de conflitos e convivencia escolar

6. ACTUACIÓN E MEDIDAS A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA

- Establecemento de normas de convivencia claras e consensuadas que regulen as relacións entre todos os membros da comunidade educativa.
- Promover a resolución pacífica de conflitos mediante o diálogo e a mediación.
- Realización de actividades e programas de prevención do acoso escolar e da violencia, fomentando a empatía, a comunicación e a resolución pacífica de conflitos.
- Promoción de medidas de apoio e seguimento a aqueles alumnos que presenten dificultades de adaptación ou condutas disruptivas, ofrecéndolles orientación e apoio psicolóxico se é o caso.
- Fomento da participación activa do alumnado na vida escolar, fomentando a súa implicación na toma de decisións e na resolución de conflitos.
- Creación de espazos de encontro e diálogo entre pais, profesores e alumnos para abordar e resolver posibles conflitos de convivencia.
- Celebración de xornadas e actividades de convivencia que fomenten o respecto, a tolerancia e a diversidade, favorecendo a integración e o traballo en equipo.
- Avaliación periódica do clima escolar mediante enquisas e reunións coa comunidade educativa, co fin de detectar posibles problemas e mellorar as actuacións do plan de convivencia.
- Realizar xogos e actividades cooperativas que fomenten o traballo en equipo e a colaboración entre o alumnado.
- Organizar encontros interculturais para que o alumnado aprenda a respectar e valorar a diversidade cultural.
- Celebrar xornadas de convivencia nas que se realicen actividades lúdicas e deportivas que favorezan a integración e o compañeirismo.
- Realizar actividades de sensibilización sobre temas como o respecto ao medio ambiente, a igualdade de xénero e a educación para a paz.
- Promover a creatividade e a expresión artística como formas de expresar emocións e sentimentos positivos.
- Organizar charlas e obradoiros sobre habilidades sociais e emocionais para que o alumnado aprenda a comunicarse de forma eficaz e a xestionar as súas emocións de forma construtiva.

- Crear un ambiente inclusivo e acolledor no que todos os membros da comunidade educativa se sintan respectados e valorados.
- Dinamizar os recreos ca proposta de xogos e actividades.

7. PROTOCOLOS

7.1 PROTOCOLO EDUCATIVO PARA A PREVENCIÓN, A DETECCIÓN E O TRATAMENTO DO ACOSO E DO CIBERACOSO ESCOLAR

A Consellería de Educación presentou en xaneiro do 2024 un documento pormenorizado para regular as actuacións ante posibles casos de acoso escolar e ciberacoso, nel establecece:

O Acoso escolar como calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo recibida por un alumno ou unha alumna por parte dun, dunha ou de máis iguais, de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar .

O Ciberacoso escolar como modalidade de acoso producido a través das TRIC (tecnoloxías de relación, informacións e comunicación), como poden ser a mensaxaría instantánea, as redes sociais ou internet en xeral. Pode incluír a difusión de rumores a través da rede, a publicación de información falsa, a suplantación da identidade, o acoso sexual ou o envío de mensaxes ameazantes, humillantes ou insultantes a través de internet, entre outros comportamentos.

Establécese que a dirección do centro educativo e o denominado equipo ACAE serán as figuras encargadas de levar adiante todas as actuacións necesarias durante o proceso de intervención. Este equipo será constituído para cada unha das intervencións que sexan necesarias.

A dirección do centro recibirá, en todo caso, a comunicación dos feitos. Ademais, será quen realice as oportunas comunicacións a familias, representantes legais, inspección educativa e outros axentes externos, de ser o caso.

O equipo ACAE xestionará todas as demais actuacións posteriores á comunicación dos

feitos. Este estará formado por un mínimo de tres membros do claustro, entre os cales sería aconsellable que se atopasen os seguintes:

→ Xefe/a do Departamento de Orientación.

→ Coordinador/a de benestar e convivencia.

→ Un/unha docente nomeado/a pola dirección do centro para cada caso en función do alumnado implicado, que será a persoa instrutora do procedemento corrector, de ser o caso.

Este equipo solicitará a colaboración da persoa designada pola dirección do centro como responsable da atención á vítima, así como de persoas de confianza, pertencentes ao centro, de todo o alumnado implicado.

En xeral, as funcións deste equipo serán as seguintes:

- Revisión diaria e filtraxe das posibles denuncias no Punto Laranxa contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar.
- Rexistro e comunicación dos feitos ante a dirección do centro educativo.
- Comprobación da veracidade dos feitos comunicados.
- Determinación da existencia de indicios de acoso.
- Apertura, de ser o caso, dunha investigación.
- Adopción, de ser necesario, de medidas inmediatas.
- Elaboración do ditame derivado da investigación.
- Apertura, se procede, do protocolo.
- Reunión coas persoas implicadas en presenza da familia ou de representantes legais, unicamente no caso de apertura do protocolo.
- Pechamento, cando proceda, do protocolo.
- Seguimento e avaliación das medidas adoptadas

Consonte o anterior, a intervención ante posibles casos de acoso ou ciberacoso escolar abrangue varias fases, para as cales se propón, ademais, unha serie de anexos que faciliten aos centros educativos as actuacións no desenvolvemento deste protocolo.

FASE 1. COMUNICACIÓN DOS FEITOS E PRIMEIRA VALORACIÓN

FASE 2. INVESTIGACIÓN E DITAME

FASE 3. APERTURA DO PROTOCOLO

FASE 4. PECHAMENTO DO PROTOCOLO

FASE 5. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS

7.2 PLAN DE ACOLLIDA PARA O ALUMNADO, O PROFESORADO E O PERSOAL NON DOCENTE DE NOVA INCORPORACIÓN.

O centro dispón dun Plan de Acollida para o alumnado e o profesorado novo coa finalidade de ofrecerlles a mellor información posible para que se integren de forma satisfactoria no Centro. Seguiranse os mesmos pasos co persoal non docente.

8. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

A Aula de Convivencia Inclusiva ofrecerá atención educativa ao alumnado ao que se lle suspendese temporalmente o dereito de asistencia á clase pola imposición de medidas correctoras tras ter un comportamento negativo de forma continuada buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible.

A atención personalizada do alumnado realizaraa un mestre/mestra de garda e poderase contar tamén coa colaboración do departamento de orientación e do equipo directivo.

8.1 OBXECTIVOS DA AULA

- a) Facilitar o desenvolvemento da actividade docente na aula de orixe.
- b) Fomentar a reflexión por parte do alumnado sobre a falta cometida e a maneira de reparala.
- c) Corrixir e mellorar a conduta do alumnado.
- d) Previr a posta en marcha de medidas máis extraordinarias de corrección, como pode ser a expulsión do centro.
- e) Favorecer o adestramento en habilidades sociais que preveñan condutas disruptivas no futuro.

8.2 CRITERIOS DE DERIVACIÓN DO ALUMNADO.

1. Comportamento disruptivo, que altera o normal desenvolvemento da convivencia na aula, impedindo que o resto de compañeiros aproveiten a clase. Para elo é necesario ter realizado os pasos previos (protocolo: rexistro de faltas, adopción de medidas máis

suaves...) e a comunicación coas familias.

2. Proferir un comportamento irrespectuoso ao profesorado, sendo á criterio deste necesario que non permaneza nese momento na aula de referencia.

8.3 CRITERIOS PEDAGÓXICOS PARA A ATENCIÓN EDUCATIVA DO ALUMNADO NA AULA DE CONVIVENCIA.

- Coherencia entre o profesorado que se ocupa da aula de convivencia e o profesorado do grupo-clase.
- alumnado da aula de convivencia realizará actividades de reflexión, programadas polo Departamento de Orientación, para favorecer actitudes responsables e conductas positivas para a convivencia.
- Tamén realizará os exercicios das materias correspondentes á clase que non asiste, para que non perda o ritmo do seu grupo.
- profesorado que atenda ao alumnado derivado á aula deberá atender as necesidades que lle poidan xurdir, fundamentalmente as relacionadas cos exercicios que deba realizar.

8.4 OS OBXECTIVOS DESTAS ACTUACIÓNS SON:

- Ensinar a reflexionar ao alumnado que foi expulsado da aula.
- Valorar as causas da expulsión da aula de referencia.
- Establecer compromisos de actuación para a mellora da vida escolar

8.5 PROTOCOLO DE DERIVACIÓN

Ante unha incidencia grave na aula:

1. Anotación no parte de incidencias da clase por parte do profesor/a.
2. Envío do alumno/a á aula de convivencia.
3. O alumno/a fará as actividades de reflexión e de compromiso propostas polo Departamento de Orientación.
4. O mestre/a responsable da aula de convivencia debe procurar que o alumno/a realice

tamén as tarefas propostas polo profesorado da aula de orixe.

5. De volta á aula de procedencia o mestre/a responsable revisará o traballo realizado polo alumno/a na aula de convivencia.

6. Levarase un rexistro do tempo e das veces que un alumno/a acude á aula de convivencia.

8.6 PROTOCOLO DE COMUNICACIÓN

O/A profesor/a, o/a titor/a ou a xefatura de estudos informará á familia mediante comunicación escrita da derivación do alumno/a á aula de convivencia solicitando a súa colaboración. A familia cumprimentará o documento recibido e devolverao asinado para que quede constancia no centro de que foi informado. (Anexos).

8.7 HORARIO DE FUNCIONAMENTO DA AULA DE CONVIVENCIA

A aula de convivencia estará aberta durante toda a xornada escolar. A xefatura de estudos elaborará o horario cos responsables de dita aula. Este horario incluírase na Programación Xeral xunto cos demais horarios.

8.8 FUNCIÓNS DAS DIFERENTES INSTANCIAS IMPLICADAS

Ademais do profesorado de garda que atende a aula, hai outras instancias implicadas como son:

- Xefatura de estudos
- Orientación
- Comisión de Convivencia

INSTANCIA	FUNCIÓN
Xefatura de estudos:	• Coordinar, supervisar e valorar o cumprimento do protocolo. • Proporcionar a información recopilada ao membro da comunidade educativa que o solicite.
Orientadora:	• Asesorar e apoiar ao profesorado en cuestións relacionadas coa

	convivencia. • Preparar diferentes materiais relacionados coa reflexión dos comportamentos. • Participar na firma de compromisos e contratos de comportamento do alumnado cando se
Comisión de Convivencia:	• Asesorar á dirección do centro e ao conxunto do Consello Escolar no cumprimento do establecido no Plan de Convivencia, canalizar as iniciativas de todos os sectores da comunidade educativa para previr e evitar o conflito e mellorar a convivencia, o respecto mutuo e a tolerancia nos centros. • Elaborar un informe anual, analizando os problemas detectados na xestión da convivencia, e no seu caso, na aplicación efectiva dos dereitos e deberes do alumnado

9. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A Comisión de Convivencia constituirase ao comezo de curso na primeira sesión ordinaria do Consello Escolar. Estará constituída por representantes de todos os sectores da comunidade educativa e integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes. A presidencia recaerá na dirección do centro e un dos seus integrantes exercerá as funcións de secretario/a que levantará acta das reunións. A Comisión manterá, ao menos, unha reunión por trimestre de carácter ordinario, previa á reunión do Consello Escolar, e cantas sexa preciso con carácter extraordinario seguindo a lexislación vixente.

As **COMPETENCIAS** da Comisión de Convivencia:

- Velar para que exista un ambiente de convivencia, disciplina e respecto no centro.
- Estudar con urxencia os problemas que puideran producirse.
- Adoptar medidas correctoras ou sancionadoras.

A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes

FUNCIÓNS:

a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.

- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

9.1 NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

As normas de convivencia referidas á organización e funcionamento do centro (normas xerais das dúas etapas, para uso de espazos e recursos, de biblioteca escolar, material e instalacións deportivas, saídas e utilización das instalacións por distintas organizacións) igual que os dereitos e deberes de cada un dos sectores da Comunidade Educativa, condutas prexudiciais para a convivencia e medidas correctoras atópanse nas NOF. Aquí actualízanse os últimos.

9.2 NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO (NOF)

- I - Dereitos e deberes dos distintos sectores da Comunidade Educativa
- II - Condutas prexudiciais para a convivencia
- III - Medidas correctoras

I DEREITOS E DEBERES DOS DISTINTOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA

DEREITOS E DEBERES DAS NAIS E PAIS OU DAS TITORAS OU TITORES

1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a)	A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
b)	A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros do equipo directivo.
c)	A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia no centro.
d)	A ser oídos nos procedementos disciplinarios que afecten aos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
e)	A participar no proceso educativo nos termos que estableza a Administración educativa.

2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:

a)	Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
b)	Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as

	indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
c)	Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
d)	Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes **dereitos** básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a)	A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
b)	A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais
c)	Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
D)	A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

2. Son **deberes** básicos de convivencia do alumnado:

a)	Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
b)	Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
c)	Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

d)	) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
e)	Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
f)	Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia do centro.
g)	Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
h)	Asistir á clase con puntualidade e co material preciso

DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO

1. Ao profesorado, que ten condición de autoridade pública no exercicio das súas funcións (Lei 4/2011, artigo 11, punto 2):

No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade), recoñécenselle, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, os seguintes **dereitos**:

a)	A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
b)	A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado.
c)	A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
d)	A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar.

2. Son **deberes** do profesorado:

a)	Respetar e facer respectar as normas de convivencia escolar.
b)	Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado

	ambiente de convivencia.
c)	Colaborar na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
d)	Manter informados as nais, pais e titores legais do proceso educativo dos seus fillos e establecer con eles unha colaboración eficaz.
e)	Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixelo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E DE SERVIZOS

1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

a)	A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións
b)	A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado.
c)	A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.

2. Son **deberes** do persoal de administración e de servizos

a)	Respectar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
b)	Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
c)	Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e

	sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
d)	Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento

II CONDUTAS PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

a)	As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
b)	Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
c)	Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
d)	) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
e)	As actuacións que constitúan acoso escolar.
f)	A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
g)	Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais do centro, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h)	) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
i)	As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
j)	) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos que estean expresamente prohibidos polas normas do centro ou que poidan perturbar o desenvolvemento das actividades docentes.
k)	A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia (3 veces).
l)	O incumprimento das sancións impostas (2 veces).

CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

a)	As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas leves, contra os demais membros da comunidade educativa.
b)	Os actos de discriminación leve contra membros da comunidade educativa
c)	Os actos de indisciplina ante o profesorado e o persoal de administración e de servizos.
d)	Os danos leves causados de forma intencionada ou por negligencia ás instalacións aos materiais do centro, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción
e)	Os actos inxustificados que perturben o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
f)	As actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
g)	Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal

	desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia.
h)	A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases. (3 veces)
i)	As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia do centro.

III MEDIDAS CORRECTORAS

MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixis coas seguintes medidas:

a)	Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
b)	Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
c)	Cambio de grupo.
d)	Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
e)	Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
f)	Cambio de centro.

MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a)	Amoestación privada ou por escrito.
b)	Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
c)	Realización de traballos específicos en horario lectivo.
d)	Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
e)	Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
f)	Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
g)	Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo
h)	) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

10. CANLES DE COORDINACIÓN ENTRE OS DISTINTOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Nos mecanismos de coordinación para a dinamización do Plan de Convivencia distinguimos dúas partes:

A) Aportacións

- Profesorado → CCP → Xefatura de Estudos / Dirección.

O profesorado será informado e realizará as súas achegas para o Plan de Convivencia a través da CCP.

- Persoal non docente → Secretario → Dirección.

O persoal non docente comunicará ao Secretario, e este ao Director, todo o relativo á convivencia no centro.

- Familias → Consello Escolar.

As familias farán as súas achegas ao Plan de Convivencia a través dos seus representantes no Consello Escolar.

- Alumnado → Portavoces → Titorías → Xefatura de Estudos / Dirección.

O alumnado fará as súas achegas a través dos seus portavoces, dos titores ou titoras ou ben en medios de recollida de información que se establezan para este fin. A Comisión de Convivencia e o Consello Escolar recollerán as propostas dos distintos sectores e asesorarán, apoiarán e levarán a cabo actuacións de mellora no ámbito da convivencia no centro.

B) Pasos a seguir nas actuacións de mellora da convivencia.

Calquera actuación que se desenvolva no ámbito da convivencia ha de seguir estes pasos:

- Alumnado → Profesor/a
- Alumnado → Titor/a –
- Alumnado / Familias → Titor/a / Profesor/a
- Alumnado / Familias → Titor/a/ Profesor/a → Xefatura de Estudos
- Familias → Titor/a → Xefatura de Estudos → Orientador/a → Dirección O titor/a, en colaboración co orientador/a, será o encargado da dinamización do Plan de Convivencia no seu grupo, previa información ao profesorado que imparta nesa aula. As familias e o profesorado, co asesoramento do Departamento de Orientación se fose preciso, colaborarán na mellora da convivencia. Posteriormente, se a situación o require, intervirá a Xefatura de Estudos e/ou Dirección.

11. DIFUSIÓN DO PLAN

Para que sexa coñecido por toda a comunidade educativa, o Plan de Convivencia será divulgado, basicamente, a través de dous medios: a páxina web do colexio e os exemplares impresos depositados nos despachos da Dirección, da Xefatura de Estudos, na Secretaría e na sala de profesores/as. No primeiro Claustro de cada curso, o equipo directivo informará dos aspectos máis relevantes do Plan de Convivencia e entregaráselle a cada profesor/a un resumo destes. O profesorado que se incorpore unha

vez iniciado o curso será informado pola Xefatura de Estudos e recibirá tamén este resumo. Nas reunións iniciais de cada curso o profesorado titor informará ás familias do Plan de Convivencia. Nos primeiros días de curso, ao longo do mes de setembro, a persoa titora informará ao alumnado do Plan de Convivencia.

12.SEGUIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA

Para realizar o seguimento e a avaliación da convivencia escolar, a Comisión reunirse as veces establecidas neste plan e realizarase unha memoria anual, que reflectirá datos e conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación, así como as propostas de mellora que se consideren necesarias. Esta memoria será aprobada polo Consello Escolar e formará parte da memoria anual do centro.

Entre os **indicadores** que debería contemplar a memoria están:

a)	O grao de consecución dos obxectivos.
b)	Actividades realizadas.
c)	Formación relacionada coa convivencia
d)	Recursos utilizados
e)	Grao de implicación e concienciación da comunidade educativa ante o proxecto.
f)	Asesoramento e apoio técnico recibido.
g)	Incidencias atendidas.
h)	Grao de satisfacción dos participantes
i)	Propostas de mellora para o seguinte curso escolar
j)	Nivel de aproveitamento dos recursos materiais, humanos e organizativos.

Os resultados da memoria final serán a base para a realización da programación das actuacións do curso seguinte.

13. PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL.

13.1 INTRODUCCIÓN

A elaboración do Plan de traballo da Coordinación de Benestar e Convivencia do centro responde a previsión legal recollida no artigo 4 Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia que da cumprimento ao previsto na Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación.

A Estratexia galega de convivencia escolar 2025 recolle, dentro dunha das liñas de actuación, a mellora da coordinación do benestar e protección do alumnado sinalando que, a través da figura da persoa que exerza a dita coordinación nos centros educativos, se establecerán os mecanismos necesarios para unha maior coordinación en materia de educación emocional, de xeito que se converterá nun referente para apoiar o labor do profesorado ante posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.

Calquera plan debe partir dunha breve contextualización do centro educativo para mellor planificar os obxetivos a acadar, as áreas a traballar e as accións a levar a cabo.

O noso centro, Ceip das Fontiñas ocupa dous edificios, un de educación infantil e outro de educación primaria. Atópase ubicado no barrio das Fontiñas, o alumnado do centro reside na súa ampla maioría no barrio ou en zonas moi próximas. Tendo en conta a tipoloxía de vivenda existentes, vivendas de carácter social, de promoción oficial e privada, tradúcese nunha heteroxeneidade en canto o nivel socioeconómico dos habitantes e por extensión do alumnado do centro. Do mesmo xeito e destacable a diversidade cultural debido en parte a porcentaxe do alumnado procedente do extranxeiro matriculado e ademais nos últimos cursos aumentou de maneira notable o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE)

Esto xustifica a necesidade de fomentar unha convivencia pacífica entre eles, onde os valores de igualdade, solidariedade, apoio e participación estén presentes no bo facer diario. Resulta fundamental promover a resolución pacífica de conflitos que poidan xurdir non soamente entre o alumnado senón en toda a comunidade educativa.

Non debemos esquecer a necesidade de fomentar a intelixencia emocional, a autoestima do noso alumnado e garantir a súa seguridade en todos os eidos.

Algunhas das ideas que debemos ter en conta á hora de elaborar o Plan de traballo da coordinación de Benestar e Convivencia do centro son:

- A solución a posibles conflitos debe ser: global, preventiva, democrática, formativa, adaptada a nosa realidade e implicando a toda a comunidade educativa.
- Non consideramos os aspectos da convivencia só como aspectos organizativos senón ademais como contidos para desenvolver, e parte da formación do alumnado. Débese ter en conta a convivencia e a participación como parte da aprendizaxe.
- Non consideramos a convivencia como unha mera aplicación de medidas disciplinarias, senón como un fin educativo no que hai que traballar. A convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental de todo proceso educativo. Para iso, debe desenvolverse nos alumnos unha serie de valores e habilidades de comunicación e de relación social.
- O conflito é inherente a vida en común das persoas. É algo normal en toda sociedade libre e democrática. Debe entenderse como algo positivo para desenvolver labor educativa, e sobre todo, servir como medio de aprendizaxe para solucionar o conflito de forma democrática, dialogada e pacífica, buscando a harmonía nas relacións entre as persoas. Aínda que haxa unha boa xestión global da convivencia, os problemas aparecerán, porque son propios de calquera sistema de relacións humanas, pero a prevención contribúe a reducilos. Cando sexa necesaria unha corrección ou sanción terá un propósito formativo.
- A disciplina debe favorecer obxectivos educativos estimulando cambios cognitivos, emocionais e conductuais.
- A educación emocional, a mellora da autoestima e a dotación de métodos para mellorar as relacións sociais e a resolución pacífica de conflitos son áreas transversais que deben ser abordadas en todas as etapas educativas e en todas as materias.
- Para garantir unha boa convivencia no centro e o benestar do noso alumnado é fundamental proporcionar formación e información todos os membros da comunidade educativa.

13.2 ANÁLISE DO CONTEXTO

Despois de facer una análise da situación do centro, empregando toda a información recollida nas enquisas entregadas os alumnos, profesorado e familias, os resultados foron os seguintes:

1º Valoración global da convivencia: Regular/Boa

2º Os conflitos que se producen con mais frecuencia son entre alumnado

3º Os conflitos que se producen con mais frecuencia no centro son nas horas do recreo e son os seguintes:

Agresións verbais entre o alumnado	Pouco/Moito
Agresións físicas entre o alumnado	Pouco
Agresións verbais do alumnado á profesorado	Nada
Intimidación e acoso entre alumnado	Pouco
Vandalismo ou deterioro grave nos materiais.	Pouco
Roubos	Algunha vez
Condutas disruptivas nas aulas (interromper a clase)	Pouco
Falta de puntualidade	Moito/Pouco
Problemas entre o profesorado	Rara vez

13.3 OBXECTIVOS

- **Coordinación do plan de convivencia do centro e colaboración coa comisión de convivencia para a súa dinamización.**

Indicador: Constitución da comisión de convivencia do centro e celebrar reunións trimestrais.

- **Fomento da intelixencia emocional e métodos alternativos de resolución de conflitos.**

Indicador 1: No plan de acción tutorial incorporaranse contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupos.

Indicador 2: Deben incluírse como temas transversais nas programacións das distintas materias.

Indicador 3: En colaboración co departamento de Orientación elaborárase un repositorio de actividades para que o profesorado, especialmente os titores, poidan traballar a intelixencia emocional nas aulas.

- **Formación e información en prevención, detección precoz e protección da infancia e da adolescencia así como informar ao persoal do centro sobre protocolos de prevención e protección de calquer forma de violencia existente na súa localidade ou comunidade autónoma.**

Indicador 1: acción formativa para o profesorado.

Indicador 2: actividades formativas para o alumnado.

Indicador 3: actividades formativas para as familias

- **Identificación da Coordinadora de Benestar e Convivencia ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.**

Indicador: ter unha sesión de presentación cos distintos compoñentes da comunidade educativa.

- **Promoción no centro docente dunha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.**

Indicador: unha sesión informativa sobre hábitos de vida saudable

- **Concienciación da necesidade de non incurrir nun tratamento ilegal de datos persoais de menores de idade e, se fose preciso, comunicación desta ilegalidade á Axencia Española de Protección de datos con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería de Educación.**

Indicador: Emprego dos modelos de autorización de uso de datos persoais da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación

- **Coordinación co departamento de Orientación á hora de diseñar medidas que garantan o benestar da infancia e da adolescencia, a cultura do bo trato, a empatía, respecto dos valores democráticos de convivencia, o fomento da igualdade entre persoas, negociación e diálogo.**

Indicador: elaboración de material de traballo para fomentar a educación emocional do noso alumnado, profesorado e familias así como para fomentar a resolución pacífica de conflitos.

14. ANEXOS

14.1 DOCUMENTOS PARA A XESTIÓN DA AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

I - Parte de incidencias do alumnado

II - Informe de derivación

III - Horario de permanencia na aula

IV - Comunicación á familia



ANEXO I - PARTE DE INCIDENCIAS DO ALUMNADO

Profesor/a que denuncia a falta:

Alumno/a que comete a falta:

Curso:

Lugar onde se producen os feitos:

Hora:

Data:

Descrición dos feitos (da acción ou da omisión):

Posibles testemuñas:

INFORMOUSE Á FAMILIA: SI_____ NON_____

CONCERTOUSE ENTREVISTA PARA O DÍA_____ ÁS_____ HORAS

Fontiñas, a _____ de _____ de _____

O/A mestre/a



ANEXO II - INFORME DE DERIVACIÓN Á AULA DE CONVIVENCIA

Alumno/a:	
Curso:	
Nº de derivacións	
Data	

MOTIVO POLO QUE SE DERVIA Á AULA DE CONVIVENCIA:

--

ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO NA AULA DE CONVIVENCIA:

DE REFLEXIÓN:
FORMATIVAS:

INFORMOUSE Á FAMILIA: SI_____ NON____

CONCERTOUSE ENTREVISTA PARA O DÍA_____ ÁS_____ HORAS

Fontiñas, a _____ de _____ de _____

O/A mestre/a



ANEXO III -A- FICHA DE ENVÍO Á AULA DE CONVIVENCIA

DATOS DO/A ALUMNO/A

Apelidos:

Nome:

Curso e grupo:

MOTIVOS POLOS QUE SE ENVÍA (describe o sucedido da maneira máis clara e precisa posible)

OBXECTIVOS DO ENVÍO

Tema relacionado coa/s falta/s pola/s que se envía:

Fontiñas, a.....de.....de 20_____

O/A titor/a:.....

Asdo.:

ANEXO III -B- FICHA DE COMPROMISO DA FAMILIA

D./D ^a
Representante legal do alumno/a,
matriculado neste centro no curso escolar (curso e grupo)
En calidade de titor/a de dito alumno/a, comprométese a:

- ☐ Asistencia diaria e puntual do alumno/a ao centro.
- ☐ Asistencia ao centro cos materiais necesarios para as clases.
- ☐ Colaboración para a realización das tarefas propostas polo profesorado.
- ☐ Colaboración co centro para a modificación da conduta do alumno/a e seguimento dos cambios que se produzan.
- ☐ Entrevista semanal/quincenal/ mensual co titor/a do alumno/a
- ☐ Colaboración para mellorar a percepción por parte do alumno/a do centro e do profesorado.
- ☐ Acudir ás sesións de reunión, que se consideren oportunas, relacionadas coa permanencia do alumno/a na aula de inclusión.
- ☐ Outros:

En Fontiñas, a.....de..... de 20

O pai/nai/representante legal

Asdo.:



ANEXO III- C- FICHA DE AUTOAVALIACIÓN E COMPROMISO I

DATOS DO/A ALUMNO/A	
Apelidos:	Nome:
Curso e grupo:	

Por favor, contesta con tención as seguintes preguntas:

1.- Que foi o que pasou?

2.-Cal foi a miña reacción?

3.-Que conseguín? En que mellorou a miña situación?

4.-Como me sinto?

5.-Que podo facer para resolver este problema?

6.-A partir de agora, cal creo que é a maneira máis intelixente de actuar?

COMPROMISO

Para mellorar a miña actuación persoal, comprométome a: (pedir desculpas, reparar o dano, outras...)

En Fontiñas, a.....de.....de 20
Sinatura do/a alumno/a:



ANEXO III- D- FICHA DE AUTOAVALIACIÓN E COMPROMISO II

DATOS DO/A ALUMNO/A	
Apelidos:	Nome:
Curso e grupo:	

Unha vez teñas lido a ficha que cubriches a última vez, contesta con atención as seguintes preguntas:

1.-Escribe os teus compromisos da ficha "Compromiso I"

2.-De todo o que planificaras, que saíu mal? Por que?

3.-Que podes facer para que as cousas saian mellor? Ten en conta que a próxima vez terás outro tipo de corrección.

NOVO COMPROMISO

Para mellorar a miña actuación persoal, comprométome a: (pedir desculpas, reparar o dano, outras...)

En Fontiñas, a.....---de..... de 20_

Sinatura do/a alumno/a:



ANEXO III -E- REXISTRO DE CONTROL DE ASISTENCIA Á AULA DE CONVIVENCIA DO ALUMNO/A

Data:

Día da semana:

Hora	ALUMNO/A	CURSO/ GRUPO	PROFESOR/A DE GARDA
1ª			
2ª			
3ª			
4ª			
5ª			

En Fontiñas, a.....de..... de 20__

A XEFATURA DE ESTUDOS

Asdo.:



ANEXO III- F- FICHA DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO A AULA DE CONVIVENCIA

Nome do/a alumno/a:

Curso e Grupo:

Titor/a:

Data do seu paso pola Aula de Inclusión por primeira vez:

Motivo/s:

Pide perdón e repara o dano causado?

Mellora o seu comportamento unha semana despois?

Mellora o seu comportamento dúas semanas despois?

Mellora o seu comportamento un mes despois?

Data do seu paso pola Aula de Inclusión por segunda vez: _____

Motivo/s:

Pide perdón e repara o dano causado? ☐

Mellora o seu comportamento unha semana despois? ☐

Mellora o seu comportamento dúas semanas despois? ☐

Mellora o seu comportamento un mes despois? ☐

En Fontiñas, a.....dede 20__

O/A titor/a:.....

Vº PR. A XEFATURA DE ESTUDOS

Asdo.:

Asdo.:



ANEXO III- G- FICHA DE TAREFAS PARA O ALUMNADO

DATOS DO/A ALUMNO/A	
Apelidos:	Nome:
Curso e grupo	
Data/s da sanción:	

1º DÍA

MATERIAS	TAREFAS

2º DÍA

MATERIAS	TAREFAS

3º DÍA

MATERIAS	TAREFAS

En Fontiñas, a.....dede 20__

O/A titor/a:.....

Vº PR. A XEFATURA DE ESTUDOS



COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS

Estimado/a pai/nai/titor/a legal do
alumno.....

Como persoa responsable da Dirección do CEIP das Fontiñas, diríxome a vostede co
obxecto de lle comunicar que recibimos un parte de incidencias no que o seu fillo/a é o
implicado.

As medidas adoptadas para a súa corrección consisten en:

Así mesmo, será informado/a puntualmente das actuacións que se desenvolvan.

Profesor/a que denuncia a falta:	
----------------------------------	--

Alumno/a que comete a falta:	
Curso:	

Lugar onde se producen os feitos:			
Hora:		Data:	

Descrición dos feitos (da acción ou da omisión):

--

Fontiñas, a ____ de _____ de _____
O Director: _____ Recibín e fun informado/a
Pai/nai/titor/a legal do alumno _____